



RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DIRECTA DE ADQUIRENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS

EXPEDIENTE: LU99030:13

SITUACIÓN: R/ Aquilino Iglesia Alvariño n.º 26, 4º A

Por resolución da Dirección Territorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas de Lugo de data 24-07-2025 iniciouse o proceso de selección de persoas adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ao expediente LU99030:13, ao abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, *polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas.*

Co obxecto de seleccionar as persoas adquirentes para a dita vivenda, esta foille ofertada a través da páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

No prazo citado foi presentada unha única solicitude para participar no procedemento de selección. Con data 18-08-2025 presentouse unha solicitude de inclusión no procedemento de selección de adquirentes por don/a MIGUEL ANGEL BARRUL JIMENEZ (núm. de credencial 101399), que, logo da oportuna comprobación, cumpre os requisitos esixidos para ser designada adquirente.

En consecuencia, o director territorial

ACORDA:

Declarar a improcedencia de celebrar sorteo.

Declarar directamente adquirente a don/a MIGUEL ANGEL BARRUL JIMENEZ (núm. credencial 101399)

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso de alzada no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao de recepción da presente notificación perante a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, de conformidade co previsto no artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugo, na data da sinatura electrónica.

O director territorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas
Por suplencia (Resolución do 15-07-2024)

José Antonio Villamayor Filloy
xefe do xervizo Provincial da APLU Lugo
(Asinado electronicamente).

